

# A AELG homenaxe a escritora Helena Villar Janeiro

## Telexornal Mediodía FDS

### A AELG homenaxe a escritora Helena Villar Janeiro

Publicado o 25/06/2016 14:54

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega homenaxeou esta mañá a escritora Helena Villar Janeiro en Rianxo.

No peirao de Sete Fogas, que ela mesma retratou con versos e fotografías, descubriu un monólito conmemorativo e plantou un loureiro.

Baixo os acordes da Escola de Música de Rianxo, cunha peza composta para ela, amante da música, Helena Villar Janeiro recibiu a homenaxe da "Escritora na súa terra 2016". Foi por decisión propia da autora, que é natural de Becerreá pero que nos últimos anos reside nunha das vilas más literarias de Galicia

"Esta homenaxe para min significa, moi emotivamente, ter o título de escritora que non tiña. Porque é un título que non se dá e hoxe veño recollelo da man da más prestixiosa asociación que mo pode dar e no concello máis cultural de Galicia." Asegura a escritora

A escritora plantou a carón do peirao de Sete Fogas, lugar de homenaxe e tamén de inspiración, un loureiro. Foi a terceira tarefa que lle quedaba por facer despois de escribir e ser nai.

"Teño uns versos que puxen na Xeiteira, na barca que veño fotografando desde hai 23 anos e que din: Tras a xeiteira colócase a ilusión e a fantasía. A ilusión que teñen unhas imaxes virtuais dos edificios e a fantasía é a miña felicidade de hoxe."

Na escola da I República os responsables da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega fixéronlle acto de entrega da letra E.